

INFORMACIÓN AO CLAUSTRO SOBRE A POSTA EN MARCHA DA “HORA DE LER”

CURSO 2022-2023

O luns 3 de outubro, na primeira hora (8.30-9.20), empezaremos coa actividade “Hora de ler”, vinte minutos de lectura persoal e silenciosa da que o alumnado da ESO e os seus profesores e profesoras gozaremos nas aulas.

Durante a próxima semana pasarei polas aulas para explicar novamente ao alumnado de 1º da ESO o seu funcionamento e aproveitarei para darlles exemplo e recordarlllo ao resto dos grupos; por tanto, os alumnos e alumnas xa estarán avisados para a data de inicio, polo que deberían levar cada un o seu propio material de lectura. En caso contrario, poderán utilizar a aula virtual coas lecturas en formato dixital. Prégovos que tamén vós levedes o voso libro ou dispositivo electrónico.

Nas próximas semanas comezaremos a recuperar as bibliotecas de aula naqueles niveis e grupos en que o espazo físico dispoñíbel para tal efecto o permita. De partida, en 1º da ESO parece que non vai ser posíbel polo alto número de alumnado.

Cómpre recordar que a actividade “Hora de ler” é de obrigado cumprimento como un programa para o fomento da lectura nos centros educativos de Galicia; naceu no ano 2006 e foise xeneralizando a organización dun tempo para a lectura dentro do horario lectivo, con distintas fórmulas e posibilidades, todas elas tendentes a propiciar un achegamento grato e eficaz do alumnado aos libros e á lectura de distintos textos en distintos soportes.

Os centros non universitarios desta Comunidade teñen a obriga de deseñar e poñer en marcha un Proxecto Lector de Centro, un documento que regule todas as actuacións que o centro leve a cabo para a mellora da lectura, a escritura e as habilidades no uso da información do seu alumnado; a normativa curricular que regula a elaboración deste Proxecto Lector contempla que os centros educativos deberán tomar decisións consensuadas que permitan “a formación de lectores e lectoras competentes e a creación e consolidación de hábitos de lectura”, así como “o desenvolvemento de actitudes favorables á lectura, mediante a creación de ambientes lectores entre outras estratexias”.

No noso Proxecto Lector de Centro a “Hora de ler” queda recollida como unha das propostas metodolóxicas para desenvolver o hábito da lectura (apart. 5.2) e como actividade da biblioteca (apart. 7.2), ao mesmo tempo que no apartado 4 Compromisos Xerais se indica que “O profesorado respectará a Hora de ler tal como está establecida no centro”.

Nos taboleiros das aulas da ESO atoparedes mes a mes o cadro de Temporalización da “Hora de ler”, comezando co do mes de outubro; esta información estará tamén exposta na sala de profesores e no taboleiro exterior da Biblioteca.

Coordinación da Bibliotelleiras.